

A figura de *O Piloto*, último guerrilleiro do réxime franquista morto por disparos da Garda Civil, aínda está presente nas vidas de moitos lucenses. Hoxe, pasados 40 anos da súa morte, sigue recibindo homenaxes, aínda que tampouco lle faltan detractores.

Cuarenta anos sen 'O Piloto'

Cunha ofrenda en Chantada, recordárase hoxe a morte do guerrilleiro Xosé Castro Veiga

RAMÓN RODRÍGUEZ PORTO

Hai hoxe cuarenta anos, o dez de marzo de 1965, falecía Xosé Castro Veiga, o último maquis abatido pola Garda Civil na historia de España. Nese mundo era coñecido como *O Piloto*. O día seguinte, **El Progreso** anunciaba a súa morte deste xeito: "Sobre las 11.30 horas del día de ayer, al hacer frente a fuerzas del puesto de Chantada, al mando del teniente jefe de la línea de la Guardia Civil de dicha residencia, don Alberto Díaz López, que le habían conminado a que se entregara, ha resultado muerto en las inmediaciones del salto de Belesar el tristemente célebre forajido José Castro Veiga, *El Piloto*, autor de numerosos asesinatos y atracos a mano armada, reclamado por varios juzgados. Se le ha ocupado una pistola ametralladora y otra calibre 9 milímetros largo y abundante munición para las armas".

Xosé Castro Veiga, *O Piloto*, naceu en O Corgo, o 11 de febreiro de 1915. Ós 16 anos viaxou a Madrid para inscribirse na Escola de Aviación, onde ingresou e adquiriu o alcume. Serviu no bando republicano durante a Guerra Civil, onde se fixo cos galóns de cabo. No 1939 foi apresado en Madrid e condeado a 30 anos de cadea, aínda que ós catro anos foi indultado. A partir dese momento, *O Piloto* permaneceu na capital contactando coa clandestinidade hasta fuxir a Galicia no 1945. Durante dous anos estendeu a organización do Partido Comunista de España e a resistencia antifranquista por diversos puntos do país. Estivo en contacto con Ramón Rodríguez, *O Curuxás*, outro histórico guerrilleiro, e finalmente Castro Veiga foi nomeado xefe do Estado Maior da II Agrupación Guerrilleira de Galicia, que actuaba no Sudoeste de Lugo. Daquela época datan asaltos ó servizo de transporte *La Directa*, atracos e outras actividades por toda a comarca en nome da República. Curiosa resulta unha anécdota segundo a cal *O Piloto* multou con trinta mil pesetas a un xuíz de Escairón, nunha actitude que mereceu as críticas dos seus compañeiros. O xuíz, que non denunciou os feitos, foi posteriormente multado.

O Piloto foi o derradeiro escapado, fuxido, maquis ou bandoleiro abatido pola Garda Civil en España, aínda que non o derradeiro que actuou. Foi no regato de Choupán, que separa as parroquias de Pesqueiras e San Fiz, en Chantada, onde Xosé Castro atopou a morte. Non tivo alternativa. Un certo tiro na testa acabou coa súa vida cando contaba xa 51 anos.

"A las once de la mañana del día 10, un vecino de Saviñao confió al ex subteniente don Ángel Fernández la noticia de que el tristemente famoso forajido *El Piloto*, que durante tantos años castigó toda esta comarca estaba otra vez por aquí. Este se aseguró a llamar por teléfono a la Guardia Civil de Chantada. En tanto el paisano vio como *O Piloto* atravesaba la presa y en su apariencia era un empleado o trabajador cualquiera, pues iba tocado con una bilbaina, una chaqueta de mahón azul en buen estado y unos zapatos fuertes", contan as crónicas, que tamén falan de que ese veciño fora atracado pouco antes por *O Piloto*.

A andaina do guerrilleiro deu un xiro definitivo no verán de 1949, cando a Garda Civil desfixo a terceira agrupación guerrilleira en Bóveda. Aquele día, tres dos seus compañeiros caeron na refriega, aínda que *O Piloto* conseguiu fuxir. A partir de entón, votouse ó monte en solitario e a súa vida entrou na especulación e a lenda.

O Piloto desoiu ás ordes do Partido Comunista de abandonar a resistencia armada e sobreviviu máis de tres lustros en numerosos escondites. A figura de **O Piloto** foi explotada polo réxime como a do derradeiro



'O Piloto', posando xunto a súa compañeira, 'Mirelle'



Munición e armamento do guerrilleiro Xosé Castro



Tumba de 'O Piloto' no cimiterio de San Fiz

guerrilleiro, o derradeiro resistente que morreu coas armas na nan. Unha imaxe á que o PC tampouco renunciou.

Hoxe, e dende 1985, cando un grupo de amigos e simpatizantes de *O Piloto*, tributáronlle unha homenaxe coa instalación dunha lápida sobor da tumba, de vez en cando se lle fan homenaxes e tódolos anos polo día dez de marzo aparece un ramallo de froes na súa tumba.

O DERRADEIRO MAQUIS ANTÓN GRANDE

Hai uns anos, a escritora e xornalista Pilar Eyré, de raíces chantadesas, publicou un libro que titulou *Quico Sabater, el último guerrillero*, título que non correspondía coa realidade, como así me recoñeceu posteriormente nunha carta, xa que o derradeiro maquis da loita antifranquista, morto pola Garda Civil, foi Xosé Castro Veiga.

O Piloto quedárase no terreo que coñecía cando se ordenou a retirada dos guerrilleiros a Francia, quizais por non abandonar a súa *Mirelle*, por non atreverse a saír de España ou, simplemente, porque non lle apeteciu iniciar unha nova vida en terra descoñecida.

Recordo unha longa sobremesa co historiador Hartmut Heine, quizais o que máis sabe da guerrilla española, e os antigos maquis Kiko Martínez e Manuel Zapico. Ningún se explicaba a súa volta á actividade, ó atraco, logo de dez anos inactivo. O caso é que *O Piloto*, provisto de correaxe e dúas pistolas, logrou facerse con 10.000 pesetas o 3 de marzo de 1965 logo de atracar a un veciño de Lama Grande, no Saviñao.

Isto, como se sabe, foi o detonante para a súa morte, cando un disparo efectuado polo oficinista do cuartel de Chantada acababa coa súa vida no regato das Anduriñas. Tocado cunha bilbaina, vestía chaqueta de mahón azul, etopábase relaxado comendo pan e chourizo.

Xosé Castro Veiga foise deste xeito tan sinxelo, posiblemente case sen decatarse.

Pero para a historia foi o derradeiro guerrilleiro antifranquista morto polo réxime.


Entre romántico guerrilleiro ou xusticiero e vulgar criminal

En moitos informes sobre *O Piloto* contabilizábanse vinte homicidios, na súa maioría axustizamentos inscritos dentro da loita guerrilleira. Romántico e xusticiero guerrilleiro, para uns, vulgar criminal e atracador, para outros, participaba en accións como golpes económicos, enfrontamentos coa Garda Civil ou sabotaxes.

As autoridades franquistas dicían que "comportábase con extraordinaria crueldade", como cando vengou a morte do seu compañeiro Emilio Goiás. Matou ó chivato coa súa muller e queimou a súa casa.

Ante o cadáver de *O Piloto*, o teniente da Garda Civil contaba a **El Progreso** entón que "a lista de sus crímenes es larguísima". En Reiriz (O Saviñao) mató a dos hermanos, despois de robarlos. En el mismo ayuntamiento asesinó al dueño de una casa que se negaba a entregarle dinero y luego a un joven que allí entraba, prendiendo fuego a la casa. En Ribela, cometió otro asesinato y en Osende, ambos lugares en Saviñao, mató a dos hermanos. Al párroco de Guntín lo sacó de la rectoral y lo mató".

A súa vida foi fantasmal. Daba un golpe e desaparecía, mentras a Garda Civil manifestaba que se fixera rico a base de atracos e extorsións. Nos seus escondites sempre o esperaba *Mirelle*, Ramona Curto Condal, de O Saviñao, quen logo tivo que desaparecer e buscar apoios da guerrilla.



Carné de 'O Piloto', o derradeiro guerrilleiro